

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 3 DE XULLO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día tres de xullo de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Secretaria Xeral do Pleno dona Ana María Rivas García en substitución do vicesecretario accidental, e o interventor xeral municipal en funcións, don Pedro Fernández Agustí, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdaede a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da renovación de licenzas aruba central e mantemento da rede wifi do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de contratación, exp. ref. 2024-C004-000012.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación do mantemento dos sistemas de virtualización de aplicacións citrix do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de contratación, exp. ref. 2024-C004-000011.

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas, así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto tramitación ordinaria na contratación do servizo de cociña, comedor e lavandería para a escola infantil municipal Serra de Outes do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2024-C003-000016.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, adxudicación por procedemento

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac2125452552150091200.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 3-7-2024

aberto suxeito a regulación harmonizada na contratación da subministración - mediante lotes -da iluminación ornamental en diversas rúas e prazas en San Froilán 2024 (lote 1) e Nadal 2024 (lote 2) e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref.2024-C004-000013.

Acórdase a aprobación e posta a disposición da Xunta de Galicia dos terreos entregados a este Concello na concesión administrativa para a ocupación de dominio público ferroviario entre o administrador de infraestruturas ferroviarias (Adif) e o Concello de Lugo., exp. ref. 2024/C022/000049.

2. PERSOAL.- Acórdase a aprobación das bases de selección para a contratación de persoal laboral temporal para unha brigada de prevención de incendios forestais nas propiedades municipais da zona rural 2024.

Tamén se acorda a resolución recurso de reposición presentado por un funcionario contra a comisión de servizos da xefatura do Servizo de Licenzas na súa declaración de deserta.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

3. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase desestimar o recurso interposto contra a resolución do Decreto 11871/2023 de concesión/denegación de subvención alugueiro 2023.

Tamén se acorda desestimar o recurso interposto contra a resolución do Decreto 11871/2023 de concesión/denegación de subvención alugueiro 2023.

Do mesmo xeito, acórdase desestimar o recurso interposto contra a resolución do Decreto 11871/2023 de concesión/denegación de subvención alugueiro 2023.

Así mesmo, acórdase desestimar o recurso interposto contra a resolución do Decreto 11871/2023 de concesión/denegación de subvención alugueiro 2023.

**ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A
VECIÑANZA**

4. CEMITERIO.- Acórdase denegar o recurso de reposición contra o cambio de titularidade por falecemento do titular da concesión administrativa da unidade de enterramento 46-055-1-S-C-I.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.